

### **1.- Palabrario estatístico de educaBarrié**

Os dous termos estatísticos que se engadiron esta semana ao **Palabrario** de educaBarrié son:

- *Regresión*, definido por María Amalia Jácome Pumar.
- *Correlación*, definido por Esther Calvo Ocampo.

Páxina web: <http://www.educabarrie.org/gl/palabrario>

### **2.- Novo Consello Executivo da SGAPEIO**

Na última Asemblea Xeral da SGAPEIO, celebrada o pasado 25 de outubro de 2013 na cidade da Coruña, durante a celebración do XI Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, quedou elixido o novo Consello Executivo da Sociedade, composto por:

- Balbina Casas Méndez. *Universidade de Santiago de Compostela.*
- M<sup>a</sup> Esther López Vizcaíno. *Instituto Galego de Estatística.*
- Soly Santiago Pérez. *Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.*
- Tomás Cotos Yáñez. *Universidade de Vigo.*
- Silvia María Lorenzo Freire. *Universidade da Coruña.*
- María Jesús Casado Barrio. *IES Fco. Daviña Rey, Monforte de Lemos (Lugo).*
- Javier Roca Pardiñas. *Universidade de Vigo.*
- María José Ginzo Villamayor. *Universidade de Santiago de Compostela.*
- Rebeca Villaverde López. *ANOVA Multiconsulting.*
- Paula Raña Míguez. *Universidade da Coruña.*

Como xa é habitual, proximamente publicárase a acta da Asemblea na web da SGAPEIO.

### **3.-Premio investigadores novos no XI Congreso SGAPEIO**

O xurado do premio á mellor comunicación presentada no XI Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións por un investigador novo acordou conceder o premio a Eduardo García Portugués pola comunicación "GOODNESS OF FIT TESTS FOR DIRECTIONAL AND LINEAR DATA", da que son coautores Rosa M. Crujeiras e Wenceslao González Manteiga. O premio foi convocado pola SGAPEIO en colaboración con educaBarrié e tivo unha dotación económica de 500 €.

Resumo da comunicación: [http://xisgapeio.udc.es/resumenes/245\\_40\\_paper.pdf](http://xisgapeio.udc.es/resumenes/245_40_paper.pdf)

#### **4.-Xornada sobre o Ensino da Estatística**

---

Lembramos que o vindeiro xoves día 31 de outubro de 2013 remata o prazo para inscribirse na **Xornada sobre o Ensino da Estatística** que organizan conxuntamente a SGAPEIO e AGAPEMA en colaboración con educaBarrié, e que terá lugar os días 9 e 16 de novembro de 2013 na Coruña e Vigo, respectivamente.

Máis información: <http://goo.gl/NOPbse>

#### **5.- Xornada: "A modelización da Terra en Galicia"**

---

Con motivo da declaración do ano 2013 pola Unesco como Ano internacional das Matemáticas para o Planeta Terra, o Consello da Cultura Galega (CCG) organiza a xornada "**A modelización da Terra en Galicia. Unha nova ollada sobre o país**", que terá lugar o vindeiro día 7 de novembro de 2013 en Santiago de Compostela.

A xornada estará coordinada por Elena Vázquez Cendón, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do CCG, e contará coa presenza dos expertos Amable Liñán, Rafael Crecente, Vicente Pérez Muñuzuri, Jerónimo Puertas, Ramón Gómez Gesteira, María Loureiro, Julio Rodríguez Taboada e Juan M. Viaño Rey.

Máis información: <http://consellodacultura.org/evento.php?id=200148>

#### **6.-Presentación do libro " Betanzos magic town"**

---

O día 6 de novembro, ás 20:00 horas, presentarase na Librería Couceiro de Santiago o libro "Betanzos magic town. Análise da validez do test Betanzos nas eleccións autonómicas de Galicia". Intervirán os seus autores, Carmen Cotelo e Salvador Naya, presentados por Xosé Luis Barreiro Rivas.

#### **7.- Actividades do Ano internacional da Estatística**

---

- **II Ciclo de Conferencias AIE:** Programa do segundo ciclo de conferencias organizadas no Dpto de Estatística e I.O. da UGR con motivo da celebración do Ano Internacional da Estatística. A dirección web da páxina creada en Granada para celebrar este evento é <http://www.ugr.es/~cctecnie/AIE/AIE.html>

- **Mesa redonda:** O vindeiro 7 de novembro, ás 18:00 horas terá lugar na *Facultad de Estudios Estadísticos da Universidad Complutense de Madrid* unha mesa redonda titulada

"Unha panorámica do ensino da Estatística en España: dificultades e estratexias de mellora". Pretende ser un foro de discusión, análise e debate sobre o ensino da Estatística nos niveis preuniversitarios (Ensino Medio e Bacharelato, principalmente) e mostrar a súa relevancia na continuación dos estudos universitarios de Estatística.

Esta actividade enmárcase dentro das iniciativas que se están levando a cabo na *Facultad de Estudios Estadísticos* con motivo da celebración do Ano Internacional da Estatística.

Inscripción: <https://estudiosestadisticos.ucm.es/formulario-inscripcion-mesa-redonda>

- **Unconference on the Future of Statistics** ("Desconferencia sobre o Futuro da Estatística"): está organizada por dous autores do blog "Simply Statistics" (<http://simplystatistics.org/>) e terá lugar o mércores día 30 de outubro de 2013 dende o mediodía ata a 1 da madrugada, en Google Hangouts e simultaneamente en YouTube.

Máis información: <http://simplystatistics.org/unconference>

- **The Future of the Statistical Sciences Workshop** ("Obradoiro sobre o Futuro das Ciencias Estatísticas"): terá lugar os días 11 e 12 de novembro de 2013 e as sesións de presentación deste obradoiro poderán seguirse en liña grazas á editorial Wiley.

Máis información: <http://www.statistics2013.org/about-the-future-of-the-statistical-sciences-workshop/>

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida, s/n  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>